

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE, O CONCELLO DAS PONTES, E ENDESA GENERACIÓN S. A. E ENDESA S. A., PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO

Entre as competencias que, en materia laboral, lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia, conforme ao establecido no artigo 29.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia, está a promoción do emprego e a formación profesional ocupacional, tendo atribuído o seu exercicio a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, de conformidade co establecido no Decreto 69/1993, de 10 de marzo, de asunción e asignación das funcións e servizos transferidos en materia de formación profesional ocupacional.

O artigo 48 do Decreto 123/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade (DOG núm. 130, do 08.07.2022) atribúe á Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación, entre outras, as competencias en materia de dirección e coordinación das actuacións da consellería en materia de cualificación profesional, promoción da empregabilidade e formación profesional para o emprego.

O artigo 7.3 da Lei 3/2023, do 28 de febreiro, de emprego (BOE núm. 51, do 01.03.2023) expón que corresponde ás Corporacións Locais, no marco das súas competencias, a colaboración e cooperación coas demais administracións para o logro dos obxectivos da política de emprego establecidos no artigo 4 e demais contidos na lexislación de referencia, sendo de especial relevancia o desenvolvemento da dimensión local da política de emprego.

Así mesmo, recoñece a singularidade institucional das Corporacións Locais na posta en marcha e desenvolvemento das políticas de emprego, que se articulará a través do principio de cooperación e de convenios con outras Administracións.

Por outra banda, Endesa é titular das instalacións da Central Termoeléctrica das Pontes, cuxo peche foi autorizado por Resolución do 10 de agosto de 2023 da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas (BOE núm. 198, do 19 de agosto) e como empresa socialmente responsable, dentro das súas políticas de Sustentabilidade, avoga por unha transición xusta e está comprometida en sumar esforzos ás iniciativas e liderado das Administracións Públicas, para atenuar o impacto provocado pola diminución da actividade na contorna onde se sitúa a central. Con este fin, definiu o Plan Futur-e, que foi presentado ás diferentes administracións unha vez realizada a solicitude de peche, como parte dos compromisos da empresa co ámbito local.



Devandito Plan contén catro eixos de actuación, sendo obxecto do eixo número 3 unha serie de actuacións de formación a persoas da contorna da central en peche, para a mellora da empregabilidade e a súa reciclaxe profesional. En concreto, contempla realizar para todos os labores de peche da Central Térmica e construción de parques eólicos, diferentes cursos de formación en demolición e desmantelamento, e operación e mantemento de plantas renovables.

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia ata o 30 de novembro de 2025, co obxectivo de recoller os compromisos das partes para a impartición das accións formativas dentro do plan de desmantelamento da central térmica das Pontes.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, e aplicándose a Lei 40/2015, do 1 de outubro; o Real Decreto 34/2008, do 18 de xaneiro e a Orde ESS/1897/2013, do 10 de outubro. Polo tanto, queda fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Formación para o Emprego e Orientación

Zeltia Lado Lago

